

INMOBILISMO DA PATRONAL NA NEGOCIACIÓN DO XV CONVENIO DE DISCAPACIDADE

As negociacións do Convenio de Discapacidade seguen estancadas ante o inmovilismo da patronal que rexeita todas as nosas propostas. UGT loitará por un convenio no que se concreten as medidas necesarias para a recuperación dos dereitos perdidos nos últimos anos.

Facemos un chamamento ás demais organizacións sindicais para levar a cabo accións unitarias a prol da mellora das condicións laborais no ámbito da discapacidade.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS, O PRIMEIRO.

Así pois UGT seguirá defendendo:

- Reformar ou suprimir o CDP e da xestión por competencias, substituíndoo polo complemento de antigüidade ou por un complemento vinculado á formación sen avaliacións.
- Incrementar os salarios para 2017 e 2018 por encima do IPC para recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos.
- Automatizar os incrementos do SMI para que se reflectan directamente no salario base e que repercutan en todos os conceptos retributivos dos traballadores.
- Confeccionar o calendario laboral antes de finalizar o ano anterior para a organización persoal dos traballadores.
- Manter como mínimo as retribucións do 85% e 95% para o primeiro e segundo ano no contrato en prácticas.
- Creación dun novo permiso retribuído polo tempo indispensable para ir ao médico e outro para acompañar a un menor de doce anos ou familiar con dependencia ao seu cargo.
- Novo modelo de vacacións: 1 mes de vacacións en período estival e seis días máis a gozar durante o ano.
- Xornada: 1680 horas anuais, con vinculación real das xornadas semanal e anual. Reducir a xornada semanal a 37,5 horas tanto para os centros de atención

especializada como para os Centros Especiais de Emprego. Nos centros educativos, equiparación no cómputo anual laboral co resto dos centros ordinarios de Concertada.

- Defender os Centros Especiais de Emprego para garantir o emprego protexido e mellorar as condicións laborais das persoas con discapacidade.
- Refacer a clasificación profesional modificando o que non funcionou no XIV convenio colectivo.
- Novo tratamento específico dentro da clasificación profesional dos Intérpretes de Lingua de Signos (ILSE), dos Educadores Sociais e doutras figuras profesionais necesarias na discapacidade.

Lembramos a todos, **incluídas ás demais organizacións sindicais** que:

Xuntos podemos máis

SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO

www.feteugtgalicia.es